

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR

CURSO: 4º ESO

MATERIA: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E  
EMPRESARIAL

DEPARTAMENTO: CCSS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles de IAEE

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	B1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.	CSC CSIEE
	B1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	CSC CSIEE CMCCT
	B1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	CCL CSC CSIEE
	B1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.	CSIEE CAA CMCCT

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación dos traballos da Aula Virtual</li> <li>- Revisión e valoración sistemática das tarefas que semanalmente a profesora elabora na Aula Virtual.</li> <li>- Valoración do avance individual do alumno, todas as tarefas serán avaliadas.</li> </ul>
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de exercicios, traballos con textos, mapas, gráficas..., comprensión de vídeos explicativos, presentación da profesora, para a avaliación da terceira avaliación e a recuperación das avaliacións suspensas.</li> </ul>
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Todos os alumnos teñen a primeira e a segunda avaliación aprobada</b>, a nota da cualificación final calcularase mediante o seguinte sistema:               <ul style="list-style-type: none"> <li>• O valor da primeira avaliación será dun 60% e o da segunda será dun 40%, debido a diferenza de materia impartida nas dúas primeiras avaliacións.</li> <li>• Os alumnos coas dúas avaliacións aprobadas ou recuperadas poderán subir a nota como máximo 1'5 puntos en función da valoración das actividades realizadas durante a fase non presencial</li> <li>• En calquera caso este último apartado só servirá para mellorar a nota, nunca para empeoralala.</li> </ul> </li> <li>- Na cualificación final o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas.</li> </ul>
Proba extraordinaria de setembro	Todos os alumnos teñen as dúas primeiras avaliacións aprobadas polo tanto ningún alumno irá a proba extraordinaria de setembro.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Elaborada pola profesora e presentada na Aula Virtual (Moodle).Exercicios, presentacións, vídeos, documentos, enlaces, esquemas, resumos, actividades do banco de preguntas da Aula Virtual...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualmente no centro non existe alumnado sen conectividade.</li> <li>- A profesora elabora traballo semanalmente para os alumnos. Xunto as actividades van instrucións para a súa elaboración, apuntamentos, vídeos explicativos, enlaces, ademais de videoconferencias para resolver dúbidas.</li> <li>- Tamén mediante correo electrónico ou da propia Aula Virtual os alumnos poden consultar a súas dúbidas ou entregar actividades, e reciben a corrección das mesmas. Intentando conseguir a maior retroalimentación posible dentro do ensino virtual.</li> </ul>
Materiais e recursos	Material elaborado pola profesora, presentacións, a propia Aula Virtual, Espazo Abalar, actividades de autoavaliación, servizo de videoconferencia cisco Webex, actividades do banco de preguntas da Aula Virtual...

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para informar ao alumnado as profesoras utilizan a Aula Virtual, Abalar, correo electrónico coas familias e os alumnos e videoconferencias.
<b>Publicidade</b>	Esta adaptación vai estar publicada na web do centro e na aula virtual de cada materia.